

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 25 DE MARZO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na estrada PO-308. Treito: Portonovo (PQ: 18 + 370) – A Lanzada (PQ: 27 + 970) no municipio de Sanxenxo

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en Planta Química
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao Título de Técnico Superior en Química Industrial

ACORDOS

CONSELLERÍA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que a Xunta de Galicia interpón, de conformidade co disposto no artigo 33.2 da Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, recurso de inconstitucionalidade en relación aos artigos 6,7 e 8 do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades bancarias

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello do Bolo para a execución de obras en materia de urbanismo por importe de cento setenta mil oitocentos oitenta e oito euros con oitenta e seis céntimos (170.888,86 €)

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e a *Sociedade Galega de Medio Ambiente SA*, para a xestión das microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos da provincia de Ourense, por importe de oitocentos once mil oitocentos noventa e un euros con dous céntimos (811.891,02 euros)

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se exime de constitución de garantías nos pagamentos á conta e nos pagamentos anticipados nas axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) a proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013
- Acordo polo que se autoriza ao IGAPE a modificar o prazo de presentación de solicitudes na liña de avais, ao abeiro do convenio asinado o 25 de setembro de 2009 entre o IGAPE e diversas entidades financeiras, para facilitar ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autorizan determinadas actuacións referidas á implementación en Galicia da Lei 45/2007, do 13 de decembro, de desenvolvemento sustentable do medio rural

INFORMES

CONSELLERÍA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería do Mar para a prevención e loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre órganos estatísticos sectoriais

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia do 1 de marzo de 2010 da presidenta da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, das actuacións de emerxencia de inmediata execución das obras de restauración e reposición das bacías dos ríos Castro e Ventoso, na provincia de Pontevedra, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000 €)

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o Acordo de coordinación entre a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para establecer un marco de actuación no proceso de obtención de carnés profesionais
- Informe sobre a orden para a asignación de 2.325 megavatios de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre o Plan especial de Inspección do Camiño de Santiago
- Informe sobre o balance de actividades inspectoras e sancionadoras no ano 2009

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a visita a Galicia da comisaria europea de Pesca e a presidenta da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo (12 e 13 marzo de 2010)

MEDIO AMBIENTE LICITARÁ ANTES DO VERÁN AS OBRAS DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA DA ESTRADA PONTEVEDRA-A LANZADA (PO-308)

- *A Consellería que dirixe Agustín Hernández inviste máis de 10 millóns de euros nesta actuación*

A Xunta de Galicia licitará antes do verán as obras de mellora de seguridade viaria na estrada Pontevedra-A Lanzada (PO-308), no treito de 9,5 quilómetros entre Portonovo e A Lanzada, no municipio de Sanxenxo.

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o decreto polo que se declara de utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta actuación que se levará a cabo entre os puntos quilométricos 18 + 840 e 27 + 970. Con este novo trámite, o Goberno galego avanza no proceso administrativo para o inicio das obras dentro deste presente ano. O seguinte paso será a autorización de gasto por parte do Consello da Xunta. Estas obras beneficiarán máis de 44.000 habitantes dos concellos de Poio, Sanxenxo e O Grove.

Xustificación de urxencia

A xustificación de urxencia da ocupación dos bens e dereitos precisos para a execución desta actuación vén motivada pola necesaria realización dunha serie de obxectivos, como reducir as zonas de conflito potencial, principalmente en interseccións e enlaces, nas travesías e zonas periurbanas e tamén en treitos urbanos, e proporcionar as mellores condicións de visibilidade posible. Outro dos obxectivos é homoxenizar itinerarios por treitos de acordo coa xerarquización previa da rede, conseguindo que o usuario obteña unha boa percepción das características da estrada e da súa contorna.


O proxecto

O obxecto deste proxecto será construír unha sección con dous carrís de circulación de 3,5 metros cada un e beiravías dun metro a ambos os lados da calzada. Tamén se construírán carrís centrais de espera para permitir xiros de sentido, e glorietas en puntos de intersección de tráfico. O límite de velocidade para os vehículos que circulen por esta vía establecerase ao remate das obras en 60 quilómetros/hora. Tamén se proxecta unha senda peonil ao longo de todo o treito.

Para a materialización das obras será necesario escavar máis de 50.000 metros cúbicos en desmonte e máis de 21.000 metros cúbicos en terra vexetal. Nestas obras, que terán unha duración de 18 meses, tamén será necesario demoler 36.000 metros cúbicos de firme existente e empregar máis de 14.000 toneladas de mestura bituminosa quente.

Por último, executaranse os traballos de drenaxe lonxitudinal e transversal e a instalación de sinalización horizontal e vertical.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN IMPULSA OS SECTORES PRODUTIVOS DE QUÍMICA E DE ENERXÍA E AUGA COA APROBACIÓN DOS CURRÍCULOS DE TRES NOVOS CICLOS FORMATIVOS**

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace aos títulos de técnico en Planta Química, técnico superior en Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica; e técnico superior en Química Industrial*
- *Os novos currículos abren aos estudantes as portas de sectores en desenvolvemento en Galicia*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a impulsar o desenvolvemento dos sectores produtivos galegos, tarefa á que contribuíu coa aprobación de tres currículos de ciclos formativos da familia profesional de nova creación de Enerxía e Auga, e da de Química. Deste xeito, o Consello da Xunta deu o visto e prace á adaptación dos títulos de grao medio correspondente ao título de técnico en Planta Química, grao superior correspondente ao título de técnico superior en Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica, e grao superior correspondente ao título de técnico superior en Química Industrial.

Estes currículos supoñen unha novidade con respecto á oferta educativa anterior, xa que corresponden a novas titulacións. Así, o grao superior en Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica, e o nacemento paralelo da familia profesional de FP 'Enerxía e Auga', dá resposta ás crecentes demandas das empresas galegas nun sector en pleno desenvolvemento. Por outra banda, os ciclos de Planta Química e de Química Industrial incorpóranse á oferta formativa de Galicia, abrindo a posibilidade aos estudantes de obter títulos adecuados ás necesidades de cualificación do tecido socioprodutivo galego. Desta forma foméntase a inserción no mercado de traballo dos titulados, nuns estudos cuxo grao de empregabilidade acada o 80%.

Ademais, os currículos quedan adaptados aos requirimentos da Lei das cualificacións e a formación profesional, e da Lei orgánica de educación (LOE). O proceso que está a seguir a consellería permitirá ter aprobados 20 ciclos formativos en tan só un ano -11 de grao superior e 9 de grao medio-, fronte aos 6 que adaptou o Goberno anterior en toda a lexislatura.

Os novos decretos de formación profesional están adaptados ao Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais, polo que facilita que se poida facer o recoñecemento de experiencia laboral aos profesionais do sector que adquiriron as competencias profesionais a través de ensinanzas non reguladas, ou do desenvolvemento da actividade laboral. Isto favorécese, ademais, ao quedar determinadas as ensinanzas do ciclo formativo e a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Con esta mesma finalidade, a inclusión do módulo de formación en centros de traballo posibilita que o alumnado complete a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no contorno produtivo do centro, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional. Outra das novidades desta liña é a inclusión da formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, que capacita o alumnado para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Mobilidade

Nos novos currículos dos ciclos formativos quedan definidos, así mesmo, os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias. Na mesma liña, coas modificacións introducidas, os estudantes de grao superior poderán acceder directamente á universidade, e validar os seus estudos por créditos universitarios ECTS, co que se favorece a mobilidade cara ao bacharelato e aos estudos universitarios.

Esta iniciativa forma parte da estratexia integral de posta en valor da FP que está a desenvolver a Consellería de Educación para poñer en valor estes estudos, que constitúen un auténtico sistema de oportunidades tanto para acceder ao mundo de traballo como a outros tipos de formación.

A XUNTA INTERPÓN RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA O FROB

- *O Goberno galego considera que a norma conculca lexítimas competencias autonómicas establecidas pola Constitución e os estatutos de autonomía*
- *O Decreto lei transforma as preceptivas autorizacións autonómicas en meros informes urxentes e non vinculantes*

O Consello da Xunta decidiu hoxe interpoñer un recurso de inconstitucionalidade contra o Real Decreto- Lei 9/2009, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, que regula o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), despois de que non fose posible chegar a un acordo co Goberno central na Comisión Bilateral de Cooperación que se abriu para negociar a dita normativa.

A Xunta entende que o decreto vulnera as competencias de Galicia, establecidas pola Constitución e o Estatuto de autonomía, xa que transforma as preceptivas autorizacións autonómicas no caso de fusión en meros informes urxentes e non vinculantes. A Comunidade galega ten competencias exclusivas en materia de caixas en virtude do artigo 30 do seu Estatuto de autonomía.

Nese sentido, coa nova norma non hai participación efectiva da Comunidade Autónoma durante o proceso de reestruturación, xa que no caso de fusión de caixas de aforro galegas non se require autorización da Xunta, cando esta competencia lle corresponde en virtude do Decreto legislativo 1/2005, polo que se aproba o texto refundido das leis de caixas de aforro de Galicia.

Unha vez aprobada a norma estatal no Congreso, e publicada no BOE o 17 de xullo de 2009, a Xunta enviou ao Ministerio de Política Territorial unha solicitude de convocatoria dunha reunión da Comisión Bilateral de Cooperación co Estado e iniciar negociacións acerca da devandita normativa. O 21 de setembro ambas as partes acordaron iniciar negociacións para resolveren as discrepancias manifestadas pola Xunta, concretamente relacionadas cos artigos 6,7 e 8 do Real decreto lei, pero o Goberno non convocou a primeira reunión do grupo de traballo ata o pasado 16 de febreiro, case cinco meses despois de ter acordado iniciar negociacións e só cun mes de prazo antes de que expirase o prazo límite para que a Xunta presentase un recurso de inconstitucionalidade se non había acordo.

Despois de que o Goberno amosase a súa negativa a calquera modificación legislativa, o pasado 15 de marzo enviou á Xunta unha proposta que tiña formato de acordo interpretativo e que non cumpre as expectativas do Executivo galego, xa que este entende que o texto non se adapta á legalidade vixente e non respecta as lexítimas competencias das comunidades autónomas, polo que se decidiu interpoñer o recurso de inconstitucionalidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE FINANCIARÁ CON 170.888 EUROS A REHABILITACIÓN DA PRAZA DO CASTELO DO BOLO, NA PROVINCIA DE OURENSE**

- *O obxectivo será incorporar as melloras urbanísticas ao patrimonio público municipal, así como beneficiar os 1.139 habitantes do Bolo*
- *O prazo de execución das melloras é de tres meses*

O Consello da Xunta aprobou o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello ourensán do Bolo para rehabilitar a contorna da praza próxima ao castelo, situado no núcleo histórico da vila. Medio Ambiente destinará, nunha soa anualidade, 170.888 euros para esta actuación, que beneficiará os 1.139 habitantes do Bolo.

Obras de rehabilitación

Na actualidade a praza dispón dun pavimento formado por unha soleira de formigón que se considera inadecuada para o lugar no que se sitúa. Urbanismo eliminará a actual soleira de formigón e pavimentará a praza con lastros de granito remarcado por lousas e bordos do mesmo material. Para isto, será necesario facer movementos de terra para posteriormente pavimentar o terreo e facer as gabias precisas para executar as instalacións. Ademais disto, farase unha mellora do acceso ao castelo.

A superficie total da actuación acadará os 900 metros cadrados e permitirá acondicionar os servizos urbanísticos, ademais de levar a cabo as obras anteriormente ditas. Cómpre dicir que os arranxos terán en conta a contorna natural, xa que non destruírán as árbores autóctonas, coma as sobreiras.

Obrigas do Concello e da Consellería

O Concello do Bolo deberá poñer á disposición de Medio Ambiente os terreos libres de cargas e gravames. Ademais, asumirá as xestións precisas para acadar as licenzas ou a obtención de permisos. Rematada a obra, o concello asumirá a conservación das melloras de rehabilitación do contorno urbano.

Pola súa parte, a consellería, ademais de financiar as obras será a encargada de levalas a cabo nun prazo de tres meses.

Establecerase unha comisión de seguimento formada por representantes do concello e da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

SOGAMA ASUME A RECOLLIDA E O TRANSPORTE DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS TRANSVASADOS NAS ONCE MICROPLANTAS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

- *Un acordo entre Sogama e a Deputación de Ourense, que contará cunha achega económica da Consellería de Medio Ambiente de máis de 800.000 euros, permitirá regularizar a xestión das microplantas de transferencia situadas na provincia de Ourense*
- *A Deputación asumirá, co seu propio persoal, a xestión das microplantas, ben directamente ou ben delegando nas mancomunidades*
- *Pola súa parte, Sogama aboará ao ente provincial a cifra de 3,65 euros por cada tonelada de lixo entregada polos concellos nas microplantas, así como 2.700 euros por cada contedor cedido para o transporte de residuos desde estas instalacións ata o complexo medioambiental de Cerceda*
- *As once microplantas sitúanse nas mancomunidades do Carballiño, Celanova e Ribeiro e nos concellos da Pobra de Trives, Xinzo, Verín, Muíños, A Peroxa, A Gudiña, Viana do Bolo e Maceda*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e a Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) para a xestión das microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos da provincia de Ourense.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas realiza unha achega económica de máis de 800.000 euros á Deputación Provincial, destinando ao redor de 700.000 euros a sufragar os custos de xestión das microplantas e 100.000 á adquisición dos contedores para o transporte de residuos. O total deste importe será distribuído en catro anualidades, desde o ano 2010 ata o 2013.

O obxecto deste acordo é regularizar a xestión das microplantas situadas nas mancomunidades do Carballiño, Celanova, O Ribeiro e os concellos da Pobra de Trives, Verín, Xinzo de Limia, Muíños, A Peroxa, A Gudiña, Viana de Bolo e Maceda, e construídas no seu momento pola Deputación Provincial de Ourense.

Estas once instalacións veñen complementar as dúas plantas de transferencia que Sogama ten na provincia, isto é, a da Rúa e a de San Cibrao das Viñas, facilitando aos concellos a entrega de lixo na máis próxima.

Obrigas

Por unha parte, Sogama comprométese á recolla dos residuos recibidos nas microplantas, asumindo a loxística e o transporte deles ata o Complexo Medioambiental de Cerceda, onde son sometidos a tratamento. Así mesmo, aboará á Deputación a cantidade de 3,65 euros por cada tonelada de lixo procesada nas microplantas, mantendo así o custo da operativa igual ao das súas propias instalacións, ao tempo que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

asumirá todos os custos derivados da conservación e do mantemento dos bens e equipos do sistema integrado de xestión de residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense, procedendo á súa substitución cando sexa preciso.

Por outra parte, a Deputación debe ceder a Sogama, en propiedade, libres de cargas e gravames, 37 contedores de gran capacidade (40 metros cúbicos cada un); esta última pagará a cantidade de 2.700 euros por unidade adquirida.

Unha Comisión de Control e Seguimento, integrada por un representante da Deputación e outro de Sogama, velará polo cumprimento dos termos do convenio, estudando e propoñendo modificacións ao mesmo, resolvendo posibles discrepancias na súa aplicación e informando sobre os supostos de resolución e liquidación.

Vantaxes

Este acordo repercutirá positivamente no servizo público que se prestará aos concellos da provincia de Ourense e, en consecuencia, ao conxunto da cidadanía, xa que, ao contar con once microplantas estratexicamente situadas ao longo da xeografía ourensá, as administracións locais verán reducidos en gran medida os custos de transporte de lixo desde os seus municipios ata a planta de transferencia máis próxima.

O sistema resulta tamén beneficioso para Sogama, xa que aminora os custos de loxística que soportaría esta entidade no caso de que tivese que construír dúas plantas a maiores das existentes na actualidade (A Rúa e San Cibrao das Viñas), toda vez que o seu proxecto prevía inicialmente un total de catro. E, no caso da Deputación, permítelle garantir o financiamento, con cargo a Sogama, da maior parte do custo de xestión das microplantas, en concreto o 78%.

ECONOMÍA E INDUSTRIA DOTA CON 3 MILLÓNS A NOVA LIÑA QUE PERMITE ANTICIPAR O PAGAMENTO DAS AXUDAS A PROXECTOS EMPRENDEDORES

- *A Consellería que dirixe Javier Guerra mellora os estímulos públicos e aumenta desde os 500.000 aos 1.500.000 os investimentos máximos apoiables*
- *Os beneficiarios non terán que achegar garantías para poder acceder a anticipos ou pagamentos á conta das axudas concedidas*
- *Tamén serán financiáveis os investimentos en proxectos de consolidación ou maduración de pemes de menos dun ano*

O Consello da Xunta validou o proxecto de acordo da Consellería de Economía e Industria que prevé o prefinanciamento dos proxectos de novos emprendedores que impulsen investimentos de ata 1.500.000 euros a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

Esta iniciativa está orientada a estimular os novos emprendedores mediante apoios financeiros que permitan a posta en marcha dos seus negocios. De xeito que o Consello da Xunta acordou hoxe eximir da presentación de garantías os novos empresarios aos que lles sexan concedidas axudas ao abeiro das novas bases do Igape para apoiar estas iniciativas, á vez que tamén poderán percibir anticipos ou pagamentos á conta das subvencións.

Deste xeito a consellería que dirixe Javier Guerra incrementa e mellora os estímulos públicos aos novos emprendedores, no marco dunhas bases que aumentan desde 500.000 a 1.500.000 os investimentos máximos apoiables.

Ademais dos novos proxectos, poderán acollerse ás subvencións a fondo perdido que cubran entre o 15 e o 40% dos investimentos os proxectos de consolidación ou diversificación temperá que impulsen as empresas de menos dun ano; ata agora, os incentivos só eran aplicables a novos proxectos emprendedores.

Para incentivar os proxectos dos novos emprendedores, o Igape dispón no exercicio de 2010 dunha partida orzamentaria plurianual dotada con 3 millóns de euros. Co acordo do Consello da Xunta que autoriza a eximir da presentación de garantías, o Goberno galego busca facer fronte ás dificultades que atopan os novos emprendedores para acadar financiamento nas entidades de crédito.

As bases para proxectos de creación ou consolidación de empresas promovidas por novos emprendedores, que entrarán en vigor cando se publiquen no *Diario Oficial de Galicia* en datas próximas, están destinadas a pemes que exerzan ou teñan intención de desenvolver a súa actividade económica en Galicia en calquera das actividades económicas que a normativa europea permite.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Os investimentos apoiables estarán entre un mínimo de 50.000 e un máximo de 1.500.000 euros. Entre outros conceptos, serán financiáveis a obra civil para construción, reforma ou habilitación de instalacións; bens de equipo, maquinaria, equipamentos informáticos ou mobiliario; inmovilizado inmaterial e aprovisionamentos necesarios para o comezo da actividade.

ECONOMÍA E INDUSTRIA PRORROGA O PROGRAMA RE-BROTE E MANTÉN O APOIO AO FINANCIAMENTO DE CIRCULANTE PARA AS EMPRESAS GALEGAS

- *O Consello da Xunta autorizou a ampliación do prazo de presentación de solicitudes ata o próximo 30 de xuño*
- *O programa facilitará operacións de circulante por un importe mínimo de 300.000 euros avaladas polo Igape nunha porcentaxe comprendida entre o 40 e o 60%*
- *O Instituto Galego de Promoción Económica xa prorrogara con anterioridade o prazo de presentación do programa re-Solve, destinado a facilitar financiamento de circulante para autónomos e microempresas*

O prazo de presentación de solicitudes ao abeiro do programa de garantías *re-Brote*, destinado a facilitar o financiamento de circulante para as empresas galegas, estará aberto ata o 30 de xuño de 2010, como consecuencia da prórroga que autorizou o Consello da Xunta por proposta da Consellería de Economía e Industria. Este programa facilitará operacións de circulante por un importe mínimo de 300.000 euros avaladas polo Igape nunha porcentaxe comprendida entre o 40 e o 60%.

Na súa formulación inicial, o prazo de presentación de solicitudes para os programas de garantías *re-Brote* e *re-Solve* remataba o 30 de decembro de 2010, pero a Consellería de Economía e Industria decidiu propoñer a súa prórroga para intensificar os apoios ao financiamento de circulante para autónomos, emprendedores, microempresas e pemes, especialmente afectados polas restricións crediticias. O programa *re-Solve* xa está aberto á presentación de novas solicitudes e o *re-Brote* quedará de novo operativo en próximas datas, unha vez que se publique no *Diario Oficial de Galicia*.

O programa *re-Brote*, para o que se autoriza agora a prórroga de prazo para a presentación de solicitudes, facilitará o acceso a liñas de financiamento operativo adicional de empresas medianas e grandes. Pola súa parte, a liña denominada *re-Solve*, está a facilitar o acceso ao circulante para as microempresas e os autónomos.

Xunto coas principais entidades financeiras que operan en Galicia, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Consellería de Economía e Industria, vén realizando un importante esforzo para subvencionar custos financeiros e compartir riscos mediante programas como os *re-Brote* e *re-Solve*; dada a situación económica actual, a Consellería de Economía e Industria considera que resulta imprescindible que a Administración comparta riscos co tecido empresarial, coas entidades financeiras e as SGR en determinadas operacións, mediante o afianzamento parcial de liñas de financiamento operativo.

Os programas *re-Brote* e *re-Solve* publicáronse inicialmente no DOG o pasado 30 de setembro. O prazo inicial de tres meses previsto para presentación de solicitudes revelouose insuficiente para poder atender as expectativas entre os potenciais destinatarios, debido a que se trata de programas innovadores para facilitar o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

financiamento de circulante, programas sen precedentes similares en Galicia. Por iso se acordou a prórroga destas dúas iniciativas.

O programa *re-Brote* vai destinado a empresas con domicilio social e fiscal en Galicia, que non se atopen en situación de crise, que desenvolvan unha actividade subvencionable e que presenten un proxecto obxecto da financiamento avalado que sexa considerado viable e dentro dos límites de risco asumibles polo Igape. Neste marco, o Instituto poderá garantir operacións de financiamento novas. O importe individual das operacións de crédito acollidas ao Convenio cuxa vixencia se prorroga agora será como mínimo de 300.000 €, cun máximo de risco por empresa beneficiaria entre todas as entidades financeiras colaboradoras de 3.500.000 €. O aval do Igape garantizará entre o 40 e o 60% das operacións, dependendo das características destas.

O programa *re-Solve*, pola súa banda, é un instrumento adecuado para que autónomos e microempresas accedan ao financiamento que precisan para poder seguir funcionando con normalidade, con préstamos ou pólizas de crédito novas por importes comprendidos entre 3.000 a 40.000 euros, avaladas por unha sociedade de garantía recíproca nun 90% e cun reaval do Igape polo 25%.

Os programas *re-Brote* e *re-Solve* constitúen unha das iniciativas máis significativas incluídas dentro do plan de choque da Xunta contra a crise, como un elemento fundamental a prol da recuperación económica e do mantemento do emprego. Os programas achegan unha solución real aos problemas concretos de financiamento das empresas, que son especialmente importantes entre as de menor dimensión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO APROBOU VARIAS MEDIDAS PARA APLICAR EN GALICIA A NORMA ESTATAL SOBRE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE DO MEDIO RURAL**

- *O Goberno galego autorizou a delimitación e clasificación de zonas rurais, cara á aplicación do Programa de Desenvolvemento Rural Sustentable 2010-2014*
- *A Xunta designou tamén o Consello de Dirección de Agader como órgano de coordinación da acción dos distintos departamentos en relación coas medidas que se van realizar no marco deste programa*
- *O Consello Asesor de Agader será, ademais, o órgano de participación, información e consulta dos axentes socioeconómicos de ámbito autonómico relacionados co medio rural*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a adopción de diferentes medidas relacionadas coa aplicación en Galicia da normativa estatal sobre desenvolvemento sustentable do medio rural, unha regulación que establece a Lei 45/2007, do 13 de decembro.

O Goberno galego aprobou, de conformidade co establecido no artigo 10 desta norma, a delimitación e clasificación de zonas rurais do territorio galego para efectos da aplicación do *Programa de desenvolvemento rural sostible* (PDRS) 2010-2014, e a elaboración dos plans de zona rural.

Ademais, o Executivo acordou designar o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) como órgano de coordinación da acción dos distintos departamentos e entidades da Xunta en relación coas medidas que se van realizar no marco do PDRS, e o Consello Asesor desta mesma axencia como órgano de participación, información e consulta dos axentes socioeconómicos de ámbito autonómico relacionados co medio rural.

Marco xurídico común

A Lei 45/2007, de 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, é a norma estatal que insta a o marco xurídico común para unha política propia, adaptada ás particulares condicións económicas, sociais e ambientais do medio rural español.

Esta necesidade de contar cunha política propia faise notar con particular intensidade en Galicia, comunidade autónoma caracterizada por unha elevada dispersión dos habitantes nas zonas rurais, que representan o 88% do territorio e concentran preto do 35% da poboación.

No seu artigo 5.1, esta norma establece que o *Programa de desenvolvemento rural sustentable* se configura como o instrumento principal para a planificación da acción da Administración xeral do Estado en relación co medio rural, e que este se elaborará en coordinación coas comunidades autónomas. Este enfoque de concertación, coordinación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

e participación que inspira a lei fai necesario articular os instrumentos no plano autonómico en termos análogos ao previsto para o conxunto de España.

Este programa suporá un investimento en Galicia duns 234 millóns de euros ata o ano 2014, financiados a partes iguais entre o MARM e a Xunta.

Agader, instrumento axeitado

Malia que outras comunidades adoptaron un esquema organizativo baseado na creación de novos órganos que asumiran este papel, en Galicia, consideracións de índole funcional e de optimización de recursos levan a apostar por Agader como instrumento básico da Xunta na materia, e polo seu carácter horizontal e non sectorial, coma o órgano máis axeitado para liderar a elaboración, coordinación e seguimento dos plans de zona derivados do PDRS, en estreita concertación cos departamentos autonómicos con competencias sectoriais e coa Administración local.

Hai que ter en conta, ademais, que Agader conta co consello de dirección e co asesor que poden exercer, respectivamente, as funcións de coordinación e de participación dos axentes socioeconómicos, de acordo co que establece a propia Lei e o *Programa de desenvolvemento rural sustentable* (PDRS).

Plans de zona

Unha vez aprobadas estas medidas polo Consello da Xunta, instrumentaranse a partir de agora os plans de zona para cada unha das áreas definidas e estableceranse os contactos pertinentes cos seus axentes institucionais e socioeconómicos, para contar coa súa colaboración na definición dos ditos plans.

A POLICÍA AUTONÓMICA CONTRIBÚE Á MELLORA DOS RESULTADOS DE GARDACOSTAS NA LOITA CONTRA O FURTIVISMO

- *No que vai de ano realizáronse 17 operativos conxuntos nos que a UPA (Unidade de Policía Adscrita) completou o labor de Gardacostas estimulando o labor preventivo da estratexia da Xunta de Galicia en materia de furtivismo*
- *No que vai de ano incautáronse de máis de medio milleiro de útiles empregados polos furtivos*

As consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e do Mar salientaron hoxe os excelentes resultados que está a dar a colaboración prestada pola UPA ao servizo de Gardacostas no traballo conxunto para a erradicación do furtivismo no litoral galego. Ambas as consellerías presentaron ante Consello da Xunta un informe de balance sobre a actividade común que levan a cabo estes departamentos para a prevención e a loita contra o furtivismo, un problema que afecta tanto o sector pesqueiro como aos propios recursos mariños e ao ambiente da Comunidade.

Para incrementar a loita contra esta problemática e facela máis efectiva, a Xunta potenciou a intervención da Unidade de Policía Adscrita a Galicia (coñecida como Policía Autónoma) nos dispositivos de loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal, en colaboración cos servizos de vixilancia pesqueira, de tal xeito que xa se están a recoller os froitos de potenciar esta colaboración.

Así, os resultados do informe desvelan que, a través destes operativos especiais, se constata un reforzo en comisos e incautacións. Nestas 17 intervencións conxuntas comisáronse un total de 1.800 quilos de especies e aprehendéronse un total de 508 útiles entre os que cabe destacar 2 camións, 8 lanchas ou 60 nasas, entre outros. Ademais, identificáronse máis de 400 persoas, foron denunciadas 125 delas e houbo tres detidos por atentado e desobediencia.

Os resultados dos 17 dispositivos conxuntos entre Policía Autónoma e servizos de vixilancia pesqueira véñense a sumar ao resto de operacións levadas a cabo por Gardacostas, Seprona ou os gardapescas. Estes operativos traducíronse nun incremento substancial do respecto que os furtivos manifestan aos axentes da Consellería do Mar grazas á presenza do persoal policial evitando que o labor de control de Gardacostas derive en problemas de orde pública.

Coa colaboración prestada polos 22 axentes da UPA aos axentes de Gardacostas, recupérase o apoio que a Policía Autónoma deixara de levar a cabo desde 2005 en materia de furtivismo e marisqueo ilegal. Indo máis aló, este persoal reforzouse desde comezos deste ano cunha formación específica en intervención e coa potenciación do grupo de Equipo de Resposta Policial, que completa o labor que a propia Policía Autónoma realiza de xeito ordinario a través dos seus grupos de investigación en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

materia de prevención e control do furtivismo e o marisqueo ilegal, radicados nas distintas comisarías da Unidade de Policía Adscrita.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A XUNTA DESIGNARÁ POR PRIMEIRA VEZ ÓRGANOS ESTATÍSTICOS SECTORIAIS EN TODAS AS CONSELLERÍAS PARA GARANTIR UNHA ORGANIZACIÓN ESTATÍSTICA DE CALIDADE, CON MENOR CUSTO E MÁIS SINXELA PARA OS CIDADÁNS

- *Isto facilita un mellor aproveitamento dos datos, máis especialización do persoal, unha mellor coordinación das estatísticas e unha mellor garantía do segredo estatístico*
- *Na actualidade, só as consellerías de Facenda e do Medio Rural contan cun órgano estatístico deste tipo*

A Xunta designará por primeira vez órganos estatísticos sectoriais en todas as consellerías co fin de garantir unha organización estatística de calidade, con menor custo e máis sinxela para todos os cidadáns.

Así se desprende dun informe presentado esta mañá, na reunión do Consello da Xunta de Galicia, pola titular da Consellería de Facenda, Marta Fernández Currás.

Os órganos estatísticos teñen atribuídas, segundo o artigo 44 da Lei de estatística de Galicia, as funcións de elaboración e difusión de estatísticas propias da consellería e dos organismos e entes públicos dependentes; elaboración das estatísticas ou fases delas que lles encomenden o Plan Galego de Estatística e os seus programas estatísticos; colaboración co Instituto Galego de Estatístico (IGE)E na elaboración do anteproxecto da Lei do Plan galego de estatística e dos proxectos de decreto dos seus programas anuais; colaboración co IGE no deseño e na confección dos ficheiros-directorios que utilizarán os órganos e entes da Administración autonómica de Galicia.

Vantaxes da asignación dos órganos estatísticos sectoriais

Entre as principais vantaxes da asignación de órganos sectoriais nos distintos departamentos da Administración autonómica destacan:

O mellor aproveitamento das fontes de datos existentes, especialmente dos rexistros administrativos:

Aproveitamento dos múltiples rexistros administrativos que xestionan as consellerías para xerar, cun custo practicamente nulo, unha información moi valiosa. Deste xeito, evítase facer enquisas ex profeso que adoitan utilizar traballos de campo moi custosos e molestos para os cidadáns e as empresas.

Ademais, tamén se logra anticipar os resultados dalgunhas publicacións ao facerse directamente desde a Xunta de Galicia.

Por outro lado, permite aforrar os posibles custos que derivarían de duplicidades provocadas pola existencia de datos que, por non estar integrados nas estatísticas oficiais da Comunidade Autónoma, poden non ser coñecidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Máis cualificación e especialización do persoal**

As persoas encargadas destes traballos actúan dentro do marco normativo en materia estatística co cal van aumentando progresivamente a súa formación. Esta formación completaría coa organización de cursos e xornadas impartidos polo IGE ou a Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Ademais, o IGE ten na súa estrutura unha unidade de coordinación e asistencia técnica ás consellerías que colaboraría directamente co persoal dos órganos.

Mellor coordinación das estatísticas dentro do departamento e co resto do sistema

Trátase de establecer un sistema de coordinación e de racionalidade para conseguir que o que se faga desde os departamentos se aproveite, non se duplique e responda a uns criterios razoables desde os puntos de vista económico e técnico.

Mellor garantía do segredo estatístico

Os integrantes dos órganos dos departamentos pasarán a formar parte de pleno dereito da organización estatística de Galicia e quedarían amparados na súa actuación pola normativa na materia.

Con isto completaría o esquema da organización estatística en Galicia nomeándose os responsables dos órganos estatísticos que complementarían os xa designados nas consellerías do Medio Rural e de Facenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN GASTO DE 150.000 EUROS PARA EVITAR SITUACIÓNS DE PERIGO NO CONTORNO DOS RÍOS CASTRO E VENTOXO, NOS CONCELLOS DE CERDEDO E FORCAREI**

- *Estas actuacións comprenden o acondicionamento e a limpeza do leito dos ríos e das súas marxes, así como a retirada e transporte de residuos, movemento de terras e a reposición de estruturas*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, un investimento de 150.000 euros para actuacións de emerxencia de inmediata execución nos ríos Castro e Ventoxo, nos concellos pontevedreses de Cerdedo e Forcarei. A finalidade desta actuación é realizar obras de restauración e reposición dos leitos co obxectivo de solventar situacións de perigo como a derivada do temporal sucedido en Galicia na semana do 22 ao 28 de febreiro.

Graves consecuencias

Este suceso provocou o desbordamento destes ríos e as consecuentes inundacións, polo que se fixo preciso adoptar medidas extraordinarias e de urxente necesidade, que consistiron na execución de actuacións hidráulicas con carácter de emerxencia.

Estas actuacións comprenden o acondicionamento e a limpeza do leito dos ríos e das súas marxes; retirada e transporte de residuos; reparación dos problemas estruturais, especialmente a erosión en muros e as afeccións a pontes e camiños (estribos, pías, varandas); corta de árbores que invaden o leito dos ríos e revisión xeneralizada dos leitos co obxecto de solucionar os problemas xurdidos.

Estas obras fanse necesarias non só para darlle unha solución inmediata á problemática xurdida, senón tamén para impedir que esta situación se agrave ou se repita nun futuro inmediato.

O temporal acaecido en Galicia nos últimos días do mes de febreiro provocou diversos danos nas bacías destes ríos, tanto en bens de titularidade pública como privada.

O elevado incremento de caudal e o arrastre de materiais procedentes das riadas e dos desprendementos causados polo forte temporal obstacularizaron o fluxo da auga a través da obra de drenaxe. Produciuse un incremento da intensidade das puntas de avenidas e unha erosión e sedimentación que descontrolaron a morfoloxía dos leitos. Como consecuencia de todo isto, os ríos desbordados anegaron inmobles e núcleos de poboación enteiros e importantes danos e perdas aos intereses públicos.

Esta situación provocou un progresivo encoramento do contorno que o día 26 de febreiro fixo que a estrutura de drenaxe cedese, aliviando unha gran cantidade de auga.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Esta auga arrastrou camiños, pontes de formigón, pontes medievais, muíños e outras infraestruturas, ata a praia fluvial de Cerdedo.

Así mesmo, provocou cúmulos de sedimentos nos leitos formados por grandes pedras, árbores, restos das pontes, dos muíños e outros elementos, co que a capacidade hidráulica dos ríos se viu moi reducida, aumentando o risco de novas inundacións.

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS

- Cruzamento N-541: limpeza do leito ao seu paso polo cruzamento da N-541
- Esbarrela: reposición da pasarela de lousa de formigón armado e da ponte de fábrica de cachotaría.
- Folgoso: reposición do pasal de formigón.
- Zona minicentral: rehabilitación das tres pontes de pedra
- Ponte Piñoa: reposición de materiais e acondicionamento de explanada.
- Praia fluvial: retirada de material e reposición de material
- Limpeza dos leitos

A XUNTA AXILIZA OS PROCEDEMENTOS PARA A OBTENCIÓN DE CARNÉS PROFESIONAIS

- *A Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Educación acordan a mellora dos procedementos de obtención de carnés profesionais e a axilización dos trámites administrativos*
- *Este acordo está orientado a mellorar a coordinación administrativa a prol da máxima eficiencia e a dar cumprimento á Directiva de Servizos europea e á Lei Ómnibus*
- *A Xunta pon en marcha estas modificacións de cara a potenciar a inserción destes titulados no eido laboral das instalacións industriais*
- *Economía e Industria transferirá 90.000 euros á Consellería de Educación coa finalidade de que xa en 2010 poida ser aplicable o procedemento simplificado e unificado para a obtención de carnés profesionais*

O Consello da Xunta tivo hoxe coñecemento do informe sobre o acordo de coordinación entre a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a mellora dos procedementos de obtención de carnés profesionais, un documento que prevé a axilización dos trámites administrativos na súa obtención.

Este acordo está orientado a mellorar a coordinación administrativa para lograr a máxima eficiencia posible na expedición de carnés profesionais para dar cumprimento ao mesmo tempo á Directiva de Servizos europea e á Lei Ómnibus.

Deste xeito, encoméndase á Consellería de Educación a habilitación de profesionais como instaladores e mantedores de instalacións industriais e a realización dos correspondentes exames, no suposto de que sexan necesarios, xa que a obtención destes carnés está relacionada coas titulacións universitarias e de formación profesional, certificados de profesionalidade incluídos no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e co coñecemento da competencia profesional adquirida por experiencia laboral.

Economía e Industria e Educación teñen acordado poñer en marcha estas modificacións de cara a potenciar a inserción destes titulados no eido laboral das instalacións industriais, co obxectivo de unificar actuacións e potenciar o funcionamento conxunto das iniciativas de mellora formativa e laboral, de xeito que as profesións en que a Consellería de Educación vai impartir formación regrada e expedir carnés profesionais ou habilitacións profesionais son os seguintes: instalador de fontanería, instalador ou reparador frigorista, instalador de instalacións térmicas de edificios, instalador ou reparador de produtos petrolíferos líquidos, instalador de baixa tensión e instalador de liñas de alta tensión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais, Educación impartirá exclusivamente formación non regrada e realizará exames para expedir carnés profesionais no caso dos instaladores de gas, operadores industriais de caldeiras, operadores de guindastre torre e operadores de guindastre móbil autopropulsado.

Para a aplicación efectiva deste acordo a Consellería de Economía e Industria transferirá 90.000 euros á Consellería de Educación coa finalidade de que xa en 2010 poida ser aplicable o procedemento simplificado e unificado para a obtención de carnés profesionais.

O INVESTIMENTO E O EMPREGO SERÁN OS CRITERIOS DE VALORACIÓN FUNDAMENTAIS DA NOVA ORDE DE CONVOCATORIA DO CONCURSO DE 2.325 MW EÓLICOS

- *O informe do Plan re-Xurde Eólico 2010 reflicte que o obxectivo da Consellería de Economía e Industria é converter Galicia nunha comunidade líder na produción e desenvolvemento das enerxías renovables, minimizar os efectos sobre o medio natural e maximizar o impacto socioeconómico asociado aos parques eólicos instalados en Galicia*
- *Para acadar estes obxectivos a nova orde estará baseada en tres piares básicos, como son a obxectividade, a transparencia e a seguridade xurídica*
- *Preferentemente, valoraranse os plans industriais que se desenvolvan en sectores económicos estratéxicos e que contribúan á vertebración económica das zonas rurais de Galicia, as propostas de investimentos reais en procesos produtivos e os empregos que se pretende xerar*
- *A orde definirá 10 zonas compostas por áreas de desenvolvemento eólico nas que se poderán ofertar os parques eólicos, que non poderán estar dentro da Rede Natura, o que implicará a realización de 10 convocatorias nun único expediente*
- *Os proxectos de parques eólicos seleccionados serán os máis eficientes, co menor impacto ambiental, e cuxos plans industriais asociados permitan ter un impacto positivo na sociedade galega, xerando novos empregos e consolidando sectores estratéxicos para a nosa economía*

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe o informe da Consellería de Economía e Industria no que se dá conta do Plan re-Xurde Eólico 2010, no que se integra a nova orde de convocatoria pública do concurso de 2.325 MW eólicos. Esta orde, que será publicada proximamente *no Diario Oficial de Galicia*, reflicte o compromiso da Xunta cun dos sectores estratéxicos de Galicia e responde ao compromiso adquirido de tela lista no primeiro ano de Goberno, e está directamente vinculada á recente aprobación da nova Lei de aproveitamento eólico de Galicia, que foi tramitada en menos de 8 meses e que dota de plena seguridade xurídica e transparencia o sector.

O informe sinala que o obxectivo da Consellería de Economía e Industria é converter Galicia nunha comunidade líder na produción e desenvolvemento das enerxías renovables, minimizar os efectos sobre o medio natural e maximizar o impacto socioeconómico asociado aos parques eólicos instalados en Galicia.

O documento do que hoxe tivo coñecemento o Consello da Xunta reflicte que para acadar estes obxectivos a nova orde estará baseada en tres piares básicos, como son a obxectividade, a transparencia e a seguridade xurídica. A convocatoria valorará o investimento de natureza industrial e o emprego xerado como os puntos fundamentais dos criterios de valoración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Preferentemente, valoraranse os plans industriais que se desenvolvan en sectores económicos estratéxicos e que contribúan á vertebración económica das zonas rurais de Galicia, as propostas de investimentos reais en procesos produtivos e os empregos que se pretende xerar, ademais de darse preferencia tamén a aqueles plans industriais que comecen a súa execución canto antes. A nova Lei de aproveitamento eólico de Galicia establece ademais, mecanismos de garantía da execución dos plans industriais.

Entre os factores de ponderación dos plans industriais terase en conta, entre outras cousas, a renda dos concellos nos cales se execute o plan como medida para o reequilibrio territorial, a duración dos contratos de traballo dos empregos xerados, o impacto social sobre colectivos desfavorecidos e o prazo de execución do plan industrial que se vai levar a cabo.

A orde, tal e como recolle o informe, valorará tamén unha serie de actuacións relacionadas directamente co contorno en que se van a desenvolver os proxectos, o que dota á convocatoria de máis longo percorrido, como son os investimentos nos concellos afectados, os investimentos en plans enerxéticos da Xunta de Galicia e os pagamentos a favor dos propietarios dos terreos en que se vai implantar o parque para evitar as expropiacións.

A orde definirá 10 zonas compostas por áreas de desenvolvemento eólico nas cales se poderán ofertar os parques eólicos, que non poderán ubicarse dentro da Rede Natura, o que implicará a realización de 10 convocatorias nun único expediente, e establecerá un límite de MW por concursante que non excederá, con carácter xeral, os 350 MW co fin de evitar a concentración nas adxudicacións. Ademais, os promotores unicamente poderán presentar unha solicitude por zona.

A partir da data de finalización de presentación de solicitudes, que rematará tres meses despois da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*, haberá un prazo máximo de catro meses para resolver a asignación de potencia baseada nas puntuacións dos proxectos para cada unha das dez zonas. Os proxectos de parques eólicos seleccionados serán os máis eficientes, co menor impacto ambiental, e cuxos plans industriais asociados permitan ter un impacto positivo na sociedade galega, xerando novos empregos e consolidando novos sectores estratéxicos para a nosa economía.

SANIDADE INFORMA DA NOVA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA ASISTENCIA SANITARIA DA CORUÑA E SANTIAGO

- *A xestión integrada busca unha organización horizontal, transversal, sen chanzos, e que sitúa o paciente como eixe do sistema*
- *Este modelo organizativo favorece a continuidade asistencial, diminúe o custo, e simplifica as estruturas organizativas*
- *O decreto regulará o proceso de asistencia sanitaria e non o mapa sanitario*
- *Isto tradúcese en menos burocracia para os pacientes e profesionais, favorece a eficiencia a través das economías de escala, e máis mobilidade e vantaxes profesionais para o persoal que o desexe*
- *Tamén supón beneficios para os hospitais comarcais, que aumentan a súa capacidade asistencial e de xestión*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe o Consello da Xunta da elaboración do borrador do proxecto de Decreto polo que se crea a estrutura organizativa de xestión integrada da asistencia sanitaria no Servizo Galego de Saúde. Nesta primeira fase desenvolveranse as estruturas organizativas nas áreas da Coruña e de Santiago.

O obxecto do decreto, aínda borrador e que se remitirá ás organizacións e institucións para que realicen as súas achegas, é regular a estrutura organizativa de xestión integrada, que con autonomía asumirá a xestión clínica e a xestión por procesos mediante a superación dos diferentes niveis asistenciais existentes e a racionalización dos recursos. Este decreto é o desenvolvemento da obriga legal que establece a Lei 14/1986 Xeral de Sanidade e o artigo 97 da Lei 8/2008, de saúde de Galicia, sobre a introdución na asistencia sanitaria de modelos de xestión e fórmulas organizativas cunha visión horizontal e integradora dos procesos asistenciais.

O decreto regulará o proceso de asistencia sanitaria e non o mapa sanitario, en cada área sanitaria haberá un responsable único para a atención sanitaria, de Atención Primaria e Especializada, que asumirá os obxectivos xerais da organización e que coñecerá de primeira man a situación sanitaria da zona, independentemente do nivel asistencial, cunha visión de conxunto.

A xestión integrada oriéntase a acadar unha organización horizontal, transversal, sen chanzos. Os obxectivos están centrados na atención no paciente coa implicación de todos os profesionais na toma de decisións mediante o uso da xestión clínica como ferramenta para evolucionar dun sistema xa superado de organización por compartimentos a outro transversal ou horizontal; e garantir a equidade, accesibilidade, continuidade, calidade e seguridade da atención.

Tamén busca minimizar a variabilidade clínica e eliminar a duplicidade de procedementos diagnósticos e terapéuticos; garantir a transparencia e a autonomía de decisión dos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

pacientes establecida na lexislación vixente; orientar a planificación dos procesos tendo en conta os problemas de saúde, e utilizar eficientemente todos os recursos mediante a promoción do traballo en equipo e a implicación dos profesionais na xestión.

Beneficios para pacientes e profesionais

A xestión integrada sitúa o paciente como eixe do sistema pois recibirá unha resposta asistencial axeitada en tempo e lugar, sen sensación de trámites ou burocracia, sen repetición de probas de forma innecesaria, evitando derivacións innecesarias a servizos e sen esperas.

Para o persoal, esta nova estrutura aumenta as posibilidades de desenvolvemento profesional, pois permite maior mobilidade no ámbito dos servizos da propia área – sempre de forma pactada e voluntaria- e proxección profesional, o que redonda en máis motivación e satisfacción.

Tamén saen reforzados os hospitais comarcais e os centros de saúde porque aumentan a súa capacidade asistencial e de xestión coa integración dos servizos de Atención Primaria e Especializada, ao incrementar a complexidade dos procesos que atenden. Ademais, o modelo de xestión integrada favorece unha maior eficacia e eficiencia dos recursos económicos, pois permite a realización de economías de escala ao situarse como un departamento transversal e único, e así reducir a estrutura administrativa de dirección e de xestión.

En definitiva, estas vantaxes melloran os criterios de calidade e os indicadores que permiten avaliar e mellorar os circuitos asistenciais, a seguridade e os procesos.

Estrutura directiva e áreas

A estrutura directiva de xestión integrada estará formada por órganos unipersoais e órganos colexiados. Os órganos unipersoais son a Xerencia de Xestión Integrada, a Dirección de Procesos Asistenciais, a Dirección de Recursos Económicos, a Dirección de Recursos Humanos e a/s xerencia/s executiva/s (pode haber varios segundo os servizos existentes). Doutra banda, o órgano colexiado será a comisión de dirección e ademais, poderán constituírse as comisións necesarias para asesorar sobre a xestión clínica, xestión por procesos, docencia e investigación, calidade, seguridade e atención ao cidadán, e calquera outro eido que se considere de interese.

O ámbito de actuación das estruturas organizativas de xestión integrada previstas no futuro decreto regulan as áreas da Coruña e de Santiago, e abarcan todos os servizos sanitarios (atención primaria, especializada, sociosanitaria ...) dos seus concellos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO PRESENTA O RESULTADO DO PLAN ESPECIAL DE INSPECCIÓN TURÍSTICA DO CAMIÑO DE SANTIAGO

- *O Consello da Xunta foi informado hoxe sobre o resultado do Plan Especial de Inspección do Camiño de Santiago, que ten por obxectivo diagnosticar a situación previa dos establecementos polos que discorren os Camiños ante a celebración do Ano Santo.*
- *En total, visitáronse 863 establecementos nas catro provincias galegas. A maior parte das deficiencias que se atoparon son de tipo formal e documental.*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o resultado do Plan Especial de Inspección Turística do Camiño de Santiago, que se desenvolveu ao longo do segundo semestre de 2009 co obxectivo de diagnosticar a situación previa dos establecementos polos que discorren os Camiños ante a celebración do Ano Santo.

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, estableceu os criterios polos que se rexería a actividade inspectora, de acordo co Plan de Acción para o Turismo 2010-2013, en función dunha dobre perspectiva: asesora e informadora por unha banda; e fiscalizadora e de supervisión por outra. O obxectivo do plan era o de asegurar a maior calidade e rendibilidade das prestacións de servizos turísticos con ocasión da celebración do maior evento de reclamo desde o punto de vista turístico: o Ano Xacobeo.

As actuacións levadas a cabo pola Administración turística da Xunta de Galicia pódense resumir así: visitáronse un total de 863 establecementos dos oito Camiños de Santiago: 230 na provincia da Coruña, 194 na de Lugo, 138 en Ourense e 301 en Pontevedra; levantáronse 25 actas de infracción para reprimir irregularidades ou incumprimentos da normativa que non foron corrixidos; e 722 actas de constancia dirixidas basicamente a advertir e requirir sobre a emenda de irregularidades detectadas.

As conclusións xerais resultantes deste plan de inspección poden resumirse no seguinte: o estado das instalacións e establecementos do Camiño, con carácter xeral, é bo; existe un proceso de regularización de vivendas particulares para reconvertelas en establecementos aloxativos; a maior parte das deficiencias que se encontraron son de tipo formal e documental; xorde a necesidade de prever a conxuntural aparición de intrusión con motivo da celebración do Ano Santo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO PRESENTA O BALANCE DA ACTIVIDADE INSPECTORA E SANCIONADORA EN MATERIA TURÍSTICA DO ANO 2009**

- *O Consello da Xunta foi informado hoxe sobre o balance da actividade inspectora e sancionadora en materia turística que se levou a cabo durante o ano 2009 desde a Secretaría Xeral para o Turismo da Consellería de Cultura e Turismo.*
- *As áreas en que se veu traballando ao longo do ano foron a actividade inspectora, actividade sancionadora e resolución de expedientes.*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o balance da actividade inspectora e sancionadora que a Secretaría Xeral para o Turismo desenvolveu durante o ano 2009.

Os datos que se poden extraer deste balance evidencian, entre outros: preeminencia das actas de constancia fronte ás actas de infracción: 4.473 fronte a 2.676; consonte con isto foi tamén moi superior o volume da actividade informadora sobre a disciplinaria e de redacción e levantamento de actas; maior volume de actividade nas provincias da Coruña e Pontevedra, constatando o maior volume de tráfico turístico nestas dúas provincias fronte a Lugo e Ourense.

Doutra parte, o número de denuncias recibidas, 1.204, foi moi superior nas provincias da Coruña e Pontevedra: 536 e 356 respectivamente, fronte ás 175 de Lugo e ás 137 de Ourense. Esta mesma tendencia, axustada proporcionalmente ao volume de negocio das provincias, gárdase no número de denuncias desestimadas e no das denuncias trasladadas a outras instancias administrativas.

Como órgano competente para resolver os expedientes sancionadores por infraccións graves ou moi graves, a Secretaría Xeral para o Turismo actuou sobre os establecementos que funcionaban sen autorización turística ou título habilitante. As infraccións máis comúns son os casos de negativa ou resistencia á entrega de follas de reclamacións aos usuarios, entre outras. Cómpre salientar que non se deu ningún caso de infracción moi grave.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DO MAR VALORA POSITIVAMENTE A PRESENZA EN GALICIA DAS MÁXIMAS AUTORIDADES DE PESCA DA UNIÓN EUROPEA**

- *A Consellería presentou un informe ao Consello da Xunta no que explica a importancia da súa visita a Galicia*
- *A conselleira do Mar deu a coñecer as peculiaridades da actividade marítimo-pesqueira de Galicia aos responsables de pesca da Unión Europea*

A Consellería do Mar valora positivamente a presenza en Galicia das máximas autoridades de pesca da Unión Europea. Así o especificou o departamento autonómico de Mar nun informe que presentou esta mañá ao Consello da Xunta e que incide na relevancia da presenza da comisaria europea de pesca e da súa comitiva na oportunidade que representou a súa estancia para mostrar un mellor recoñecemento práctico da situación marítimo-pesqueira galega.

Desta visita formaron parte a comisaria europea de Pesca e Asuntos Marítimos María Damanaki, o director xeral da DG Mare da Comisión Europea, Fokion Fotiadis, o director de Políticas Pesqueiras e Coordinación na DG Mare, Cesar Debén, a presidenta da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, Carmen Fraga e o director xeral de Relacións Exteriores coa UE, Jesús Gamallo.

Segundo lembra o informe da Consellería do Mar, a conselleira Rosa Quintana fixo entrega á comisaria das propostas galegas para a nova PPC, que en trazos xerais son semellantes ás liñas que defende a Comisión Europea. María Damanaki valorou con entusiasmo a achega e enzalzou a contribución galega á nova PPC.

A través do programa organizado pola Consellería do Mar para que os máximos responsables de Pesca da UE coñecesen a realidade do sector marítimo-pesqueiro galego, o departamento que dirixe Rosa Quintana pretendía difundir e dar a coñecer as peculiaridades e características diferenciais das actividades marítimo-pesqueiras galegas, amosar a continua especialización e mellora que manteñen os diferentes subsectores e a coordinación e o apoio da Unión Europea á actividade pesqueira galega.

Ademais, o documento plasma a importancia da conexión e da interrelación dos diferentes centros de decisión en materia marítimo-pesqueira, en especial coa Comisión Europea e co Parlamento Europeo, e reflicte a integración e a proximidade entre a Xunta de Galicia e o sector.

Tal e como se recolle no informe, a conselleira Quintana acompañou a María Damanaki na súa visita a Vigo que tivo lugar o 12 e 13 de marzo. O primeiro dos encontros foi no Centro Tecnolóxico do Mar, onde a conselleira do Mar lle presentou a Damanaki a proposta de Galicia para a política pesqueira común.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Rosa Quintana tamén acompañou os mandatarios europeos na súa visita á Cooperativa de Armadores de Vigo para coñecer o labor da asociación, e no percorrido polas instalacións dunha depuradora para comprobar o modelo de depuración de moluscos que se efectúa en Galicia. Ademais, a responsable de Mar amosoules como se cultiva o mexillón nas bateas e o traballo diario das mariscadoras na praia da Xunqueira, en Moaña.